

Suxestión á consellería de Facenda e Administración Pública de, cando se den circunstancias semellantes ás da queixa, chegar ao suxeito tributario detallada información sobre as consecuencias económicas e avaliar a posibilidade de atender a reclamación do interesado

Expediente: L.4.Q/238/23

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

Sr. Conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don XXX con DNI XXX respecto dunha débeda non pagada no seu día por responsabilidade da entidade financeira.

ANTECEDENTES

No seu escrito o promotor da queixa indícanos presentou recurso diante da ATRIGA para que se lle devolvesen uns xuros polo adiamento dunha débeda da que non é responsable el senón a entidade financeira. Que se lle fraccionou a débeda cando xa a tiña abonada

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu. A ATRIGA sinalaba, esencialmente, o seguinte:

- 1.- O interesado presentou autoliquidación do imposto de transmisións patrimoniais cunha cota tributaria de 10.150,00 €
- 2.- Que a recadación tributaria desenvólvese segundo o disposto no artigo 160 da Lei 58/2003, de 18 de decembro, Xeral tributaria (LXT) e que o mesmo distingue entre período voluntario e executivo.
- 3.- Que o período voluntario no presente caso finalizara o día 4 de decembro de 2020. Que dado que non se procedera ao pago, entrou en período executivo en virtude do disposto no artigo 161 da LXT
- 4.- O día 17 de novembro remitiu requirimento ao interesado para comprobar os motivos da falta de pagamento. O interesado respondeu acreditando na documentación achegada que a falta de pagamento era imputable á entidade financeira. Solicitou, así mesmo, o fraccionamento e aprazamento da débeda.

5.- En vista do contido da documentación achegada enténdese máis axustado a dereito non reclamar os xuros desde a data de vencemento do período de pago executivo senón desde o vencemento dos dez días de prazo dados para responder ao requirimento efectuado en novembro de 2021.

6.- O día 27 de outubro de 2022 o servizo de Recadación da Delegación asinou o fraccionamento. Ao día seguinte o interesado ingresou a cantidade de 9.135,00 €. Dado que o ingreso efectuado non cubría a cantidade de 10.500,00 €, aplicouse a cantidade ingresada a parte dos prazos, abarcando desde o número doce ata parte do segundo prazo.

7.- Os días 21 de novembro e 20 de decembro abona as partes pendentes

8.- O día 3 de novembro de 2022 o interesado iniciou procedemento de devolución de ingresos indebidos, previsto no artigo 221 da LXT e regula nos artigos 126 e seguintes do Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

9.- O artigo 4 de dito Regulamento dispón que o prazo máximo de notificación da resolución é de seis meses e que transcorrido dito prazo debe entenderse desestimado

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. Segundo se deriva da documentación achegada polo interesado e pola Administración tributaria, aquel procedeu a realizar a xestión de pago a través da páxina web con data 15/11/2020, dentro do prazo regulamentario. Con data 18/11/2021 recibe notificación da ATRIGA na que se indica que non se efectuou a liquidación preceptiva. O día 24/11/2021, dentro dos dez días de prazo, o interesado achega documentación que demostra que a responsabilidade do non pago foi da entidade financeira e non súa. Así mesmo indica que nese momento non conta con liquidez para afrontar o pago completo e solicita o aprazamento en doce mensualidades sen xuros. O interesado sinala na solicitude que non é responsable do retraso e, xa que logo, non se lle apliquen os xuros como si o fora.

SEGUNDA. Na notificación asinada o día 18/11/2021 e remitida ao interesado sinalábase o seguinte:

“(..) En consecuencia, remítolle as cartas de pago para que efectúe o ingreso con arreglo as seguintes instrucións:

-Se pode xustificar que a conta era da súa titularidade e dispuña de saldo suficiente na data da domiciliación, deberá efectuar o ingreso coa carta de pago que se lle envía solo polo principal da débeda 10.150 € e remitir a este Departamento a documentación que acredite ese saldo e a titularidade.

-Se non pode acreditar estas circunstancias, titularidade e saldo, deberá ingresar tamén a outra carta de pago que se lle remite, que corresponde ao recargo de apremio do 5%, porque a débeda está xa fora de prazo voluntario de pago. (..)”

Na notificación dábanse dez días hábiles de prazo para efectuar o pagamento. Tal e como se indicou no punto anterior, o interesado presentou alegacións o día 24/11, solicitando o aprazamento en doce mensualidades sen xuros.

TERCEIRA. O día 25/10/2022 o interesado recibe notificación asinada 30/09/2022, con número de rexistro de saída da consellería XXX, co seguinte contido:

“(..) El Servicio Provincial de Recaudación de la Xunta de Galicia, acaba de comunicar a esta zona recaudatoria que se ha dado de baja el aplazamiento de pago que tenía solicitado en el procedimiento ejecutivo de apremio que se sigue contra usted en esta Zona de Recaudación.

Lo que pongo en su conocimiento para que se ponga en contacto con esta oficina para resolver lo que proceda e informarle de que se han dado instrucciones para que el procedimiento de apremio continúe su curso en la forma reglamentariamente prevista (investigación de bienes y rentas, embargos, etc), pudiendo evitar, no obstante, que el procedimiento de apremio continúe su curso abonando las cartas de pago que se acompañan en cualquier entidad bancaria.(..)”

No encabezamento desta notificación, xunto co DNI do interesado figura o seguinte:

IMPORTE: 9.135,00 €

O interesado xunta a carta de pago achegada pola Administración tributaria. Nesa carta de pago figuran os seguintes datos:

CARTA DE PAGAMENTO NÚMERO : XXX

Importe Principal	10.150,00€
Importe Recargo	1.015,00€
Importe pagado fuera plazo	0,00€
Costas devengadas	0,00€
Suma pagos anteriores	0,00€
Importe Pendiente	9.135,00€

CUARTA. O día 28/10/2022 o interesado ingresa a cantidade que figuraba en ambos documentos, tanto na notificación como na carta de pagamento como importe pendente. Achega xustificante de ingreso debidamente selado.

O día 31 de outubro recibe a notificación da concesión do aprazamento da débeda con xuros. A partires dese momento, segundo refire o interesado, mantén varias comunicacións con distintas persoas da Axencia Tributaria para que lle eliminaran os xuros e que o día 20/12/2022 pasáronlle un cargo que excedía en máis de setecentos euros a cantidade que debía abonar.

Tal e como se informou por parte da ATRIGA, o interesado abonou entre novembro e decembro de 2022 as cantidades esixidas dos prazos 1º e 2º do fraccionamento que foron reclamadas, malia non estar de acordo coas mesmas. Solicitou, xa que logo, a devolución de 728, 93 €.

O día 16/01/2023 a Administración respondeu aceptando parcialmente a solicitude porque o ingresado excedía das cantidades esixidas pola mesma. Porén, segundo os cálculos da ATRIGA as débedas serían:

IMPORTE PRINCIPAL INGRESADO (sin incluir intereses abonados por ese clase	FECHA DE INICIO DE INTERESES	FECHA DE INGRESO	INTERESES

9.135,00 €(cancela plazos 12 a 3 y el 2 por 74,50 €)	02/12/2021	28/10/2022	310,66 €
845,87 € (plazo 1)	02/12/2021	21/11/2022	30,85 €
771,33 € (plazo 2)	02/12/2021	20/12/2022	30,43 €

En consecuencia la deuda total ascendió a: $10.150,00 + 310,66 + 30,85 + 30,43 = 10.521,94$ € y el total ingresado por el obligado tributario es de $10.878,93$ € ($9.135 + 908,18 + 835,75$), por lo que surge un importe ingresado en exceso de $356,99$ €.

QUINTA. Do informado polo interesado e o achegado pola consellería dedúcese que o desacordo arredor das cifras non deriva de cantidades ou prazos non atendidos polo interesado senón por unha parte da responsabilidade da entidade financeira por non proceder ao pago da autoliquidación presentada e por outra dos erros cometidos pola ATRIGA nas notificacións remitidas ao interesado así como da interpretación que fai a Administración da existencia de retraso no pago do tributo.

Porén, en sentido estrito, o interesado procedeu ao pago da liquidación no prazo de pago voluntario e só á responsabilidade da entidade financeira corresponde o feito de non ter abonada a cantidade. Xa que logo, non pode considerarse que houbera un retraso por parte do obrigado tributario, prexudicado neste caso por causas totalmente alleas a el, recoñecidas mesmo no informe e na resolución da ATRIGA.

Por outra banda, tamén a ATRIGA cometeu erros neste caso ao remitir cartas de pagamento cunha cantidade errónea que foi abonada. Así mesmo, atendendo ás comunicacións emitidas pola Axencia Tributaria e dirixidas ao interesado non cabe mais que sinalar que se observa unha certa confusión e falta de coordinación nas mesmas, non só nas cantidades erróneas que figuran na notificación e na carta de pagamento senón no feito de que mentres, segundo se informa, o día 27 de outubro de 2022 o servizo de Recadación da Delegación asinou o fraccionamento, o día 25/10/2022 o interesado recibe notificación asinada 30/09/2022, con número de rexistro de saída da consellería XXX no que se lle insta a facer o pagamento, incluíndo a carta errónea. Cinco días despois recibirá unha nova notificación recollendo os prazos de fraccionamento.

SEXTA. No que atinxe aos xuros, cómpre lembrar que o interesado solicitara que non se aplicaran estes, tendo en conta que el presentara a autoliquidación en prazo. A Administración indica o seguinte na notificación asinada o 6 de febreiro de 2023:

“(..) -Se non existise ese fraccionamento do pago como alega o interesado, todos eses ingresos de 2022 estarían fóra de prazo e levarían unha recarga mínima do 5%, que non se lle esixiu xustamente pola existencia da resolución de fraccionamento notificada o 31/10/2022.

-A esixencia de xuros de demora nas débedas adiadas ou fraccionadas é un imperativo legal que ven establecido no artigo 65.5 da lei 58/2003 Xeral Tributaria, non depende da vontade deste Departamento de Recadación (..)”

No relativo aos ingresos fóra de prazo, cómpre lembrar de novo que o interesado presentou a autoliquidación en prazo e que foi directamente prexudicado por un fallo da entidade financeira, feito que non pode ser obviado pola Administración. De feito, coñecido o erro bancario a Administración puido ter informado ao interesado das consecuencias e prexuízos que dito erro lle ía causar.

Os xuros supoñen unha sorte de penalización por non realizar un pago no prazo previsto. Resulta ser unha indemnización á Administración pola facilidade de pago dada ao obrigado tributario. O dereito a esa indemnización está regulada pola lexislación tributaria e foi referendada por un criterio xurisprudencial que se extrae en diferentes sentenzas e confirmada pola Sentenza do Tribunal Constitucional Nº 76/1990 do 26 de abril.

Con todo, acudindo ao texto da citada sentenza nesta sinálase nos Fundamentos de Dereito:

“(..) Como ya se ha dicho, la norma cuestionada no trata de sancionar una conducta ilícita, pues su sola finalidad consiste en disuadir a los contribuyentes de su morosidad en el pago de las deudas tributarias y compensar al erario público por el perjuicio que a éste supone la no disposición tempestiva de todos los fondos necesarios para atender a los gastos públicos. Los intereses de demora no tienen naturaleza sancionadora, sino exclusivamente compensatoria o reparadora del perjuicio causado por el retraso en el pago de la deuda tributaria.

(..) el legislador trata de compensar o resarcir al erario público por el perjuicio que le supone la no disposición tempestiva de los fondos necesarios para atender a los gastos públicos, a la vez que de salir preventivamente al paso de una posible actitud dilatoria en el pago de sus deudas tributarias por los contribuyentes, y ante el riesgo de que dicha actitud pudiera generalizarse. (..)”

Polo tanto, do texto da sentenza que confirmou a constitucionalidade dos xuros dedúcese que os mesmos, sen ter condición de sanción, si a ten dunha sorte de resarcimento por un suposto prexuízo causado ao Erario por parte do suxeito tributario. Sería unha especie de

ferramenta disuasoria ou mesmo compensatoria no caso dun aprazamento de débeda. Porén, no caso presente, as condicións nas que se sucederon os feitos non poden ser cualificados como de morosidade ou retraso no pagamento. Mesmo podería dicirse que o principal prexudicado non é a Administración tributaria senón o interesado que, en sentido estrito, cumpriu en prazo as súas obrigas tributarias, feito que debería ser tido en conta por parte da Administración.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería as seguintes suxestións:

En circunstancias similares ás descritas no presente expediente, achegar ao suxeito tributario detallada información sobre as consecuencias económicas derivadas de aquelas.

En atención ao considerado anteriormente e dentro da súa capacidade auto organizativa, avaliar a posibilidade de atender a reclamación feita polo interesado e proceder á devolución da cantidade por el solicitada

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo